

OPTATIVAS EN II BACH



AFONDAMENTO EN INGLÉS

Para o vindeiro curso, o departamento oferta a materia de afondamento en inglés nos cursos 1º e 2º de BAC, cunha hora á semana.

Veremos contidos que por falta de tempo non podemos ver nas clases normais: cidades do mundo, as súas festas, tradicións e monumentos, películas, etc.

Tamén faremos algunha cousa utilizando e practicando as novas tecnoloxías: Power Point, PhotoStory e outras.

É unha materia optativa, non te esquezas de marcala cando cubras o impreso de matrícula para o próximo curso. ESPERÁMOSTE!!



CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE

Os contidos estrutúranse en sete partes:

- I. **Introdución ás ciencias ambientais** : Introducción al uso de modelos, terminoloxía e conceptos básicos sobre as ciencias ambientais
- II. **Biosfera**: estudio da dinámica da Biosfera e dos ecosistemas
- III. **Xeosfera** : enerxías e procesos da xeosfera: recursos, riscos naturais e impactos ambientais
- IV. **Atmosfera**: composición, dinámica, estrutura e impactos
- V. **Hidrosfera** : dinámica, recursos e impactos
- VI. **Edafosfera**: o solo como recurso, impactos sobre o solo, erosión, deforestación
- VII. **A xestión do planeta** : residuos, problemas ambientais

Metodoloxía: Baseándose no libro de texto , a profesora exporá e explicará na clase os conceptos básicos de cada unidade. Como apoio empregará material adicional en forma de imaxes a través de soportes informáticos de paisaxes, táboas, etc. Ao longo da unidade, os alumnos realizarán exercicios sobre os conceptos tratados nos que deban razoar sobre os mesmos, identificar factores ambientais que afectan a paisaxe que se representa, deducir datos de gráficas, táboas... Como apoio contarase coa visualización de documentais e outras fontes de información obtidas en internet.



FILOSOFÍA DO DEREITO

A Filosofía do dereito intenta proporcionar una explicación consciente e crítica dos principios éticos e xurídicos sobre os que se asenta a convivencia dentro dun estado democrático de dereito. Esta materia está deseñada para fornecer ao alumnado de instrumentos e ferramentas de análise que lle permitan abordar dun xeito máis consciente e racional os distintos niveis de códigos normativos dos que está entretecida a vida nas sociedades contemporáneas.

No que ten que ver coa Ética, a materia debe contribuír ao desenvolvemento da conciencia crítica do alumnado e da súa capacidade para elaborar racional e autonomamente principios e normas universais.


Polo que se refire á Filosofía do Dereito, se pretende ofrecer ao alumnado interesado nas Ciencias Xurídicas unha primeira aproximación ao mundo do Dereito. Opción recomendada, pois, cara aos estudos xurídicos, Ciencias sociais e da comunicación, Relacións Laborais, Ciencias políticas, Socioloxía, Filosofía, etc.

A materia está estruturada en catro bloques que van dende os temas clásicos de Ética descritiva á reflexión sobre a Xustiza, a Democracia e os Dereitos Humanos como ideais morais e xurídicos para unha cidadanía do século XXI, pasando pola Teoría do Dereito e a validez das normas. Cunha metodoloxía na que o manexo das TIC sé imprescindible. O departamento conta cun blog (www.blogoteca.com/clubdasideas) administrado polos alumnos, no que a modo de reporteiros amateurs redactan e publican os seus contidos, potenciando así o traballo creativo e colaborativo.



FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

- Acércate al mundo empresarial y las finanzas de una manera práctica. Crea tu propio negocio y aprende a administrarlo. Participa en el juego de la bolsa.
- Conoce las actividades que se realizan en la empresa: el aprovisionamiento, la producción etc.
- Averigua las distintas técnicas de publicidad y marketing que se utilizan para vender los productos. Descubre como funciona el mercado del trabajo y los impuestos que tenemos que pagar.



HISTORIA DA FILOSOFÍA

A Historia da Filosofía neste curso dá sentido e continuidade dende unha perspectiva histórica ás ideas que se presentaron nas materias de Filosofía de 4º de ESO e Filosofía de 1º de Bacharelato. Ademais contribúe ao desenvolvemento integral do alumno de bacharelato posto que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que o rodea, de xeito crítico e razoado, rexeitándoas e/ou modificándoas ou asumíndoas como parte de si mesmo.

Non é un compendio de autores, trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitiranos comprender o pasado, o presente e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro.

É no pensar dos "outros" que se foi configurando ao longo da Historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento. Ese pensar a través do diálogo de distintos autores e épocas que foron creando tendencias respecto as grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa historia e da súa existencia é o que constitúe a Historia da Filosofía.

Está organizada en cinco bloques. O primeiro trata da análise de textos e aplicación das TIC á materia. Os catro restantes correspóndense cas catro épocas máis relevantes da historia a nivel do pensamento: Grecia antiga, Idade media; Modernidade e Ilustración e filosofía Contemporánea.



HISTORIA DA MÚSICA E A DANZA

Esta materia pretende servir para aportar ó alumnado que a escolla unha cultura e sensibilidade especial en canto ó patrimonio cultural que estas disciplinas artísticas ocupan. Tradicionalmente a música e a danza foron pouco ou nada tratadas nas materias de estudo do ensino, no ensino obrigatorio actual ocupan unha pequena parte do currículo, por iso todos os que queiran completar o seu coñecemento sobre elas poden facelo nesta materia de segundo de bacharelato. A actividade das clases vai concentrarse nas audicións máis relevantes ó longo da historia da música dende a Idade media ata os nosos días. Idade media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo, Impresionismo, século XX e últimas tendencias. O alumno debe adquirir un criterio e coñecementos que lle permitan distinguir e apreciar calquera época estética tratada e as características das obras traballadas. A música e a danza como é obvio teñen unha relación directa coas artes plásticas e escénicas, así como coa historia. Os coñecementos básicos previos poden facilitar o curso pero a metodoloxía empregada parte do máis básico ata afondar o necesario.

Unha materia imprescindible para aqueles que queiran dedicarse a calquera ámbito da educación ou a cultura no futuro e por extensión a calquera disciplina de humanidades.



MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS

Os contidos están estruturados en seis bloques: "Mostraxe", "Estatística inferencial", "Probabilidade condicionada", "Series temporais", "Programación lineal" e "Métodos numéricos".

O coñecemento dos contidos que se propoñen e dalgúñas das múltiples aplicacións que a estatística ten no mundo biolóxico, físico, económico, histórico, xeográfico, social ou político proporcionalles aos/ás estudantes as bases para abordar estudos posteriores.

Os métodos numéricos proporcionan modos de resolución de problemas, que non poderían abordarse de maneira simbólica e para cuxa realización se precisan a calculadora ou programas informáticos.



PSICOLOXÍA

La Psicología é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación. Dende unha dobre vertente humanística e científica, pode colaborar, dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico pero tamén dende unha vertente práctica pode cooperar no autoconhecimento e na mellora do desenvolvemento persoal. Pode considerarse unha disciplina moi interesante para o alumnado de 2º de bacharelato, na medida en que lle axudará a coñecer se mellor como individuo e a desenvolverse como persoa, e ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita.

A materia organízase en seis bloques: a psicología como ciencia; fundamentos biolóxicos da conduta; os procesos cognitivos básicos; percepción, atención e memoria; procesos cognitivos superiores; aprendizaxe, intelixencia e pensamento; a construción do ser humano (motivación, personalidade e afectividade).